



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 30 DE MARZO DO 2017.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ  
(PSOE)

**Concelleiros/as :**

D. RICARDO GONZALEZ AMARO  
(PSOE)  
D<sup>a</sup>. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)  
D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN  
(PSOE)  
D<sup>a</sup>. NOELIA RODRIGUEZ  
TRAVIESO (PSOE)  
D. CESAR MANUEL FERNANDEZ  
GIL (PP)  
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ  
(PP)  
D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)  
D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)  
D<sup>a</sup> MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ  
(PP)  
D. XACOBE GARCIA SOTO (B.N.G.)  
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ  
(AGRUPACION DE ELECTORES  
RIBEIRO EN COMUN)  
D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ  
(CxG-CCTT)

**Secretario Xeral:**

Francisco Fernández Castro

**Interventor:**

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día trinta de marzo de 2017 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Francisco G Fernández Castro, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

\*\*\*\*\*



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

De seguido comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto dando a benvida en nome de toda a Corporación ao novo secretario do concello e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

### **1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 23 DE FEBREIRO PASADO (ORDINARIA).**

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 23 de febreiro de 2016 (ordinaria) , ao que se indica por parte de don Brais Fidalgo Martínez que o debate da municipalización da auga foi máis rico e con máis intervencións, que se recolleu de forma sintética, pero que está de acordo coa acta, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DE: A) DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 20 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de febreiro; unha, sobre aboamentos..

Do 23 de febreiro; dúas; unha, sobre concesión vacacións; unha sobre aboamentos.

Do 24 de febreiro; tres; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos..

Do 27 de febreiro; tres; unha, sobre ocupación via pública; unha, sobre aprobación liquidación do presuposto municipal 2016; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de marzo; catro; unha, sobre prolongación de permanencia no servizo dunha persoa; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 02 de marzo; tres, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 03 de marzo; dúas, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Do 04 de marzo; dúas, sobre inscrición no Rexistro Parellas de Feito; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de marzo; tres:, sobre eficacia comunicación previa actividade; dúas, sobre aboamentos.

Do 07 de marzo; cinco; unha sobre infracción a Ordenanza tenza animais potencialmente perigosos; unha, sobre permiso de lactación; dúas, sobre altas no Padrón habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de marzo; seis, unha, sobre concesión vacacións; tres, sobre exención IVTM; dúas, sobre bonificación IVTM.

Do 09 de marzo; sete; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre arquivo expedientes; unha, sobre denegación vacacións; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de marzo; cinco; unha sobre dilixencia arquivo expediente inspección; unha, sobre imposición multa tributaria; unha, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre aboamentos.

Do 13 de marzo; dez; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións; tres, sobre fraccionamento débeda; cinco, sobre liquidación taxas varias.

Do 14 de marzo; sete; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre inscrición no Rexistro Municipal Cemiterio; tres, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre taxa servizo incendios; unha, sobre concesion servizo axuda no fogar.

Do 15 de marzo; seis; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre permiso por enfermidade de familiar; dúas, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de marzo; seis; unha, sobre denegación vacacións; unha, sobre fraccionamento débeda; dúas, sobre baixa na taxa recollida lixo; dúas, sobre aboamentos.

Do 17 de marzo; oito, tres, sobre fraccionamento débeda tributaria; dúas, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre alta no Padron Habitantes.; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de marzo; oito; tres, sobre taxa recollida lixo; dúas, sobre devolución IVTM; dúas, sobre liquidación plusvalía; sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Do 21 de marzo; nove; unha, sobre devolución taxa; unha, sobre concesión vacacións; dúas; sobre fraccionamento débeda; tres ; sobre bonificación IVTM; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de marzo; catro; unha, sobre estado listas selección persoal; unha, sobre devolución de taxa; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de marzo; tres; unha sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de marzo; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións.

### **B) DOS INFORMES DE SEGUIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO DO REAL DECRETO-LEI 5/2009, DO 24 DE ABRIL.-**

Dase conta os informes de seguimento e avaliación do Plan de Saneamento do Real Decreto-Lei 5/2009, do 24 de abril, así como do escrito da Dirección Xeral de Política Financiera, Tesouro e Fondos Europeos de data 14.03.2017, quedando entereados dos mesmos todos os membros da Corporación presentes neste Pleno.

### **3.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL AGRUPACION DE ELECTORES RIBEIRO EN COMUN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA SEXA MUNICIPIO DE ACOLLIDA E CIDADE ACOLLEDORA DE PERSOAS REFUXIADAS.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Benestar Social de data 23 de marzo de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido a Sra. Presidenta da Comisión da conta dunha proposta e que de seguido transcríbese:"  
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sábado 4 de marzo convocáronse por parte de Amnistía Internacional unha serie de actos nos que 12 concellos anunciarán o número de persoas refuxiadas que ten capacidade de acoller, converténdose en "cidades acolledoras".

Estas 12 "cidades acolledoras" son A Coruña, Compostela, Ribeira, Lugo, Pontevedra, Ourense, Vigo, O Barco, Manzaneda, A Peroxa, Teo e Rianxo.

Desde a ONG Amnistía Internacional (AI) sinalan que "O obxectivo é que os concellos comuniquen publicamente de que número de prazas dispoñen para acoller persoas refuxiadas e que isto sirva para presionar o Goberno central, que se comprometeu ante a UE a acoller 17.337 persoas e polo momento só chegaron 1.141", así o goberno do Estado, en palabras de AI debe "asumir de unha vez a súa responsabilidade coa acollida de persoas que foxen da guerra e da persecución".

No Informe 2016/17 de Amnistía Internacional denunciaban que o sistema español de recepción de solicitantes de asilo está "practicamente bloqueado". Así mesmo, AI alerta



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

de que "a estadía nos CIES e CETIS demórase moito, hai xente que chega a estar ano e medio neles" e de que "en moitos casos as persoas saen de aí e van á rúa, quedan na indixencia". Sinalan tamén que "outra das nosas grandes preocupacións son as expulsións colectivas e as devolucións en quente. Se os Estados cumpren coa lei e respectan os dereitos humanos, deberían estudar caso por caso. Non se garante que non se está enviando a terceiros países a persoas cuxas vidas neses lugares van estar en risco".

AI Galicia tamén destaca que o Estado está a "delegar varias das súas funcións de asilo e acollida en ONGs que neste momento están saturadas", e reclaman unha maior dotación de recursos e de implicación .

Os concellos son as institucións máis próximas á cidadanía, neste sentido mesmo se recolle no artigo 25 da Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local que "a atención inmediata e a avaliación de situacións de necesidade social a persoas en situación de vulnerabilidade é unha competencia propia dos concellos". Sen embargo, as competencias para xestionar o acollemento dependen do Goberno central, o cal non está a cumprir a función e competencia que lle obrigatoria.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte ACORDO:

-Que o Concello de Ribadavia sexa unha "Cidade de Acollida" de persoas refuxiadas, e se comprometa diante do Estado a acoller algún refuxiado en función da nosa capacidade.

-Trasladar este acordo ao Ministerio do Interior e a Subdelegación do Goberno español en Ourense. Trasladarlllo a todos os Concellos da comarca do Ribeiro, convidándoos a sumarse a esta iniciativa.

-Que o Concello de Ribadavia lle esixa ao Goberno central a axilización da chegada de persoas refuxiadas.

-Colocación dunha faixa impresa no balcón da casa do Concello, comprometéndose a acoller algunha persoa ou familia refuxiada".

Intervén a Sra. Presidenta da Comisión, para sinalar que levan traballando no tema dende o pasado 3 de febreiro, estanse a buscar fórmulas para polo menos acoller a unha familia e vías de financiación.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reservanse para o Pleno os membros do P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes.- Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

D Brais Fidalgo Martínez ( Ribeiro en Común).- É unha moción moi concreta, o noso grupo a trae a este pleno en base a unha carta remitida por Amnistía Internacional a todos os grupos. Están a acoller doce concellos de Galicia, algún máis pequeno que Ribadavia. O concello debe unirse a esta causa xusta. Na crise de refuxiados hai unha resposta pouco humanitaria do Estado español e da Unión Europea, que o concello exerxa a soliedaridade e decirlle ao Estado que o concello acollerá, alomenos, unha familia.

D Manuel Vázquez López ( C-G, CCTT).-Manifestar a nosa soliedaridade co pobo lon dinense vítima do atentado e coa persoa falecida en accidente laboral que era compañeiro de corporación en Malpica. O noso grupo vai a optar pola abstención, o fácil sería votar que sí, pero debe ser o Estado e as Comunidades autónomas os que asuman este problema.Debería saberse con que recursos se conta.

D Xacobe García Soto (BNG).- A Unión Europea lle falta humanidade , nesta situación parte da culpa é da Unión Europea.Hai que axudar aos refuxiados na medida das posibilidades do concello.Galicia foi un país de emigrantes.Imos votar a favor.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Imos a apoiar a moción, estamos de acordo en moitos dos argumentos expostos polos outros voceiros. O fondo da problemática non a poden resolver os concellos. A raíz do problema é moi complexa e depende de ámbitos supraestatais. Escapa á capacidade de resposta dos concellos, que poden facer pequenas aportacións que son positivas.

D<sup>a</sup> Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Dende a concellalía se están analizando as posibilidades de actuación, para acoller ao maior número de persoas refuxiadas posibles.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Houbo un accidente laboral no que falece un veciño de Quins , darlle o pésame á súa familia, e á familia de Francisco Souto, compañeiro da corporación de Malpica.

Alcalde.- Fago o pésame extensivo de toda a Corporación.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, 12 (P.S.O.E., B.N.G, P.P . e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); e abstención de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes.- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada".

#### **4.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO COMPROMISO POR GALICIA PARA A CANALIZACION DAS AUGAS RESIDUAIS A CARON DA PONTE MEDIEVAL DE FRANCELOS.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 23 de marzo de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**PRIMEIRO.-** Tendo en conta que cada vez que chove de forma copiosa levántase a tapa de rexistro das augas residuais que se encontra a carón da ponte medieval e que os vertidos saen producindo malos cheiros e a súa vez vertidos no regato.

### **ACORDOS**

**PRIMEIRO.-** Instar o goberno municipal a que se lle de solución a este problema ambiental, canalizando por unha nova vía conecte pola parte norte da ponte coa canalización que vai a E.D.A.R .

**SEGUNDO.-** Que o goberno chegue a un acordo de colaboración con Aqualia e con Augas de Galicia para a subsanación de este problema, facendo o proxecto os técnicos municipais e unha aportación económica se fose necesario por parte do Concello para solución do problema".

O Sr. Fidalgo Martínez, manifesta a súa conformidade da proposta xa que foi unha reivindicación do seu grupo, indicando que no seu momento visitou a zona con concelleiro de obras e quedouse en solicitar informe a Aqualia sobre o estado da zona.

O Sr. Presidente da Comisión sinala que o informe está solicitado e espera telo a vindeira semana.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, Agrupación de Electores Ribeiro en Común, P.S.O.E. e B.N.G.); reserváanse para o Pleno os membros do P.P.. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".

D Manuel Vázquez López ( CG-CCTT).- É un tema que debía estar solucionado fai tempo, máis estando a carón da ponte medieval.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- A favor.Hai unha canalización preto da vía do tren o que agrava o problema. A depuradora está a cen metros.É unha obriga clara da empresa concesionaria da acta.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Coincido co que se dice. Si se puxo en valor esa zona cunha intervención debería evitarse esta problemática.

D César Manuel Fernández Gil.- Imos votar a favor.Tiña que estar subsanado , conflúen as augas pluviais e as residuais, se require unha actuación urxente. Na anterior lexislatura o pedimos catro veces. É un problema que se repite en outros puntos do concello, habería que facer unha diagnose de todos, facemos unha proposta de facer unha diagnose de todos os puntos de sobrecarga na red e.

D Javier Iglesias Sendín.-Imos votar a favor, fixemos unha inspección in situ , había vertido ese día.Aqualia manifestou que, por unha serie de trámites, a Confederación





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Hidrográfica non lle autorizou a actuación necesaria. Ata se dixo que había un pozo cego. Na parte alta se capta dun restaurante que está ubicado en outro concello. Hai que levantar a canalización e os pozos, a confluencia de augas pluviais e residuais agrava o problema. En todas as obras que facemos se solventa esta cuestión. Recollemos o guante de facer ese informe, conlevaría un plan de actuacións que o concello por sí sólo non pode sufragar, require a axuda de outras administracións. O grupo de goberno traballa para resolver estas cuestións.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, trece (P.S.O.E., P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común, Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes).- Por conseguinte por unanimidade fica aprobada a referida proposta.

#### **5.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA GARANTIZAR A PRESTACION DO SERVICIO QUE LEVA REALIZANDO O REXISTRO DA PROPIEDAD DE RIBADAVIA.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 23 de marzo de 2017, co seguinte tenor literal: " De seguido o Sr. Presidente da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: "**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Con fecha 04.03.2017, se publico en el Boletín Oficial de Estado (BOE) el Real Decreto 195/2017, de 3 de marzo, por el que se modifica la demarcación de los Registros de la Propiedad, Mercantiles y de Bienes Muebles.

En dicho Decreto se establece que el Registro de la Propiedad de Ribadavia pasará a depender del de Carballino (se crea la figura de Agrupación de Registros), como continuación de la reordenación del mapa de los registros, comenzada por el Ministerio de Justicia en años anteriores.

Una vez mas se emplean reiteradamente criterios demográficos para justificar la supresión de servicios, centralizando los mismos en zonas urbanas en perjuízo del rural.

El Registro de la Propiedad es un servicio público, tiene por objeto la inscripción o anotación de los actos, contratos y resoluciones judiciales o administrativas que afecten a la propiedad y a otros derechos sobre bienes inmuebles, así como de determinadas resoluciones judiciales que afectan a la capacidad de las personas. Aunque el Registro tiene el carácter de voluntario, en la práctica, cada vez más, implica que los ciudadanos realizan trámites en los mismos.

De las gestiones realizadas tenemos constancia que si bien el Registro de Ribadavia pasara a depender de la Agrupación Carballiño-Ribadavia, mantendrá su





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

oficina en Ribadavia para la realización de trámites y gestiones aunque la oficina principal estará en Carballiño, por lo que no sabemos como afectará a la ciudadanía.

Por lo que,

El Grupo Municipal Socialista de RIBADAVIA, somete a consideración del Pleno esta **MOCIÓN**, para que este adopte el siguiente:

### **ACUERDO:**

Este Ayuntamiento muestra su rechazo más absoluto a la supresión y reorganización de dicho servicio, el cual se lleva prestando en este Ayuntamiento de forma eficaz, reclamando en todo caso al mantenimiento de oficina del Registro de la Propiedad en el Concello de Ribadavia, con la finalidad de que los ciudadanos de Ribadavia y comarca del Ribeiro puedan seguir realizando sus gestiones y trámites como hasta ahora.

Se de traslado del presente acuerdo al Sr. Ministro de Justicia, instándole a que dé marcha atrás en sus pretensiones de reorganizar el Registro de la Propiedad y que continúen siendo un Servicio Público y de calidad, como hasta ahora".

Intervén o Sr. Fernández Gil, para sinalar que dita cuestión ven motivada por un Decreto do Ministerio no que se establece entre outras cuestións o número de asuntos por rexistro, dí que o rexistro de Ribadavia no chega a ese número de asuntos polo que se agrupará co rexistro de Carballiño, se ben sinala que o servicio seguirá prestando en Ribadavia como ata agora, se ben o rexistro será Carballiño-Ribadavia, sendo un rexistrador único que estará en Carballiño.

O Sr. Vázquez López, sinala que estamos ante un servicio público e como tal debese manter en Ribadavia, sobre todo se temos en conta que é a cabeceira da comarca do Ribeiro.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reserváanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- O Decreto 195/2017 quere facer unha reorganización do servizo do Rexistro da propiedade. Parece ser que a sede será en Carballiño, aínda que se prestara o servizo en Ribadavia, temos medo de que sexa o primeiro paso para quedar sen servizo. Queremos que o servizo se siga prestando a todos os vecinos de Ribadavia e da comarca. Un mal menor sería que quedase así.

D Manuel Vázquez López ( CxG-CCTT).- É de xustiza que haxa rexistro da propiedade en Ribadavia. Espero que este acordo surta efecto.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- A moción se debía agrupar coa de Ribeiro en Común, se pretende restar servizos a algunhas cabeceiras de comarca. Perde Ribadavia. A cidadanía quere facer consultas coa rexistradora, o decreto non garante que se atenda ás consultas estando a titular en Carballiño. Que se garantice que o rexistrador titular esté dúas veces á semana en Ribadavia. Que as consultas se atendan en Ribadavia. A moción é xusta e necesaria, aínda que vaia en castelán, os topónimos non se cambian, debería decir Carballiño.

Alcalde.- É un erro tipográfico, está claro.

D Xacobe García Soto (BNG).- Dado que as prazas non ten titular, a oficina de Ribadavia será un mero caixón de correos para a de Carballiño. Se podían debater as dúas mocións conxuntamente. Se lle restan servizos a Ribadavia en favor de vilas con máis poboación, os nosos veciños teñen os mesmos dereitos que os de outras vilas con máis poboación.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Apoiar a proposta, coa Lei de Demarcación e Planta Xudicial sempre defendemos o mantemento dos servizos públicos. É un voto simbólico , o decreto garantiza o mantemento da oficina. A disposición adicional primeira do decreto o garante expresamente. Manteranse abertas ao público as oficinas xa creadas. Queda garantida a apertura da oficina de Ribadavia.

D Manuel Vázquez López ( CxG-CCTT).- Vou facer unha achega que me gustaría facer extensiva a todos. É un escrito que pode firmar quen queira para facer máis forza.

D Manuel Vázquez López procede a dar lectura a unha solicitude aberta á firma por todas as persoas interesadas. dirixida ao Ministerio de Xustiza, Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado na que , tras expoñer a situación dos Rexistros da propiedade de Carballiño e Ribadavia, solicita que se revoque a medida adoptada con respecto ao Rexistro da propiedade de Ribadavia , permitindo a todos os efectos administrativos a permanencia da praza do Rexistro da propiedade de Ribadavia.

Alcalde.- Cada grupo que exprese a súa opinión.

D .Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- O Rexistro da propiedade afecta a todo o tráfico xurídico da propiedade, afecta ás oficinas liquidadoras. É o ariete da segunda ameaza do PP.Hai que blindar o carácter da oficina liquidadora. Propono unha enmenda Instar á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia para que garanta o carácter de oficinas liquidadoras dos Rexistros da Propiedade.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Reiterar o texto literal do decreto que garantiza a permanencia, esa tentativa de peche queda desmentida pola propia literalidade do decreto. O servizo público mídese pola prestación, os veciños poden acudir á oficina de Ribadavia que mantén a competencia como oficina liquidadora. Nos non creemos que a política de xerar alarmas sexa positiva; a modificación da demarcación e planta xudicial era un borrador dun anteproxecto. A todos os gobernos se lles presume a boa fe, ningún vai a adoptar unha medida lesiva para o interese dos cidadáns. Se lle presupón ao PP unhas intencións que non son certas.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Alcalde.- A engadega de Ribeiro en Común me parece ben.É sistemático o ataque aos servizos públicos. Non estou de acodo coa análise do PP, se a oficina de Ribadavia vai limitarse a recoller documentación iso tamén o pode facer o concello. É un servizo público pero tamén é unha empresa, se un empresario ten unha oficina para recoller documentación a súa intención vai a ser pechar. Na preocupación coinciden alcaldes de todas as forzas políticas, o propio vicepresidente da Deputación dixo que era preocupante para a provincia. Non me gusta por onde vai a cuestión máis vale pecar por exceso que por defecto. Se acusou de alarmar co psicólogo de orientación familiar e só ven un día á semana.Este goberno ten o maior interese en que se manteñan os servizos no pobo.

O Grupo Municipal de Ribeiro en Común formula a seguinte engadega:

“ Instar á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia a que as oficinas do Rexistro da Propiedade manteñan o seu carácter de oficinas liquidadoras”

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita , coa engadega presentada por Ribeiro en Común, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, trece (P.S.O.E., P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común,Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes).- Por conseguinte por unanimidade fica aprobada a referida proposta.

## **6.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. DE RIBADAVIA PARA PROMOVER UN PACTO POLA CONCILIACIÓN E A CORRESPONSABILIDADE NO AMBITO DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Benestar Social de data 23 de marzo de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido a Sra. Presidenta da Comisión da conta dunha proposta e que de seguido trancíbese:"**Exposición de Motivos:**

A conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral e, a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar constitúen uns dos grandes retos do século XXI

A vida económica e, en particular, o mundo laboral, é un dos ámbitos fundamentais da promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Na nosa sociedade, a desigual repartición entre os xéneros das responsabilidades familiares e do fogar constitúe un dos principais obstáculos para a participación plena das mulleres no mercado laboral, así como á súa permanencia e promoción dentro do mesmo. A conciliación da vida persoal, familiar e laboral constitúe unha problemática complexa e conflitiva para unha parte da cidadanía, as mulleres, que viven en primeira persoa este conflito, pero tamén para os homes, as familias, os concellos, as empresas, o mercado laboral e a sociedade en xeral.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Podemos definir a conciliación como a participación equilibrada de mulleres e homes na vida persoal, familiar e no mercado de traballo. Isto supón compartir o traballo existente (organizando e flexibilizando os usos do tempo sobre a base da igualdade), compartir o poder, compartir as responsabilidades públicas e propiciar a presenza de mulleres nos ámbitos de decisión política e económica.

Non se circunscribe, por tanto, ao ámbito privado e necesita a implicación de todos os axentes sociais: administracións públicas, empresas, sindicatos e tecido asociativo.

A corresponsabilidade social vai máis aló da conciliación. A corresponsabilidade social significa aumentar a implicación das persoas na repartición das responsabilidades domésticas e familiares, especialmente os homes, para estenderse a outros axentes sociais e instancias públicas e privadas.

A falta de corresponsabilidade e as dificultades para conciliar vida persoal, familiar e laboral, contribúen a soste a discriminación laboral e salarial das mulleres e constitúen unha das súas principais barreiras para o seu desenvolvemento profesional. No caso da sociedade supoñen unha importante perda de talento que lastra a competitividade empresarial e dificulta o progreso económico.

É importante coñecer estas consecuencias na vida das persoas, pero tamén para a sociedade no seu conxunto para ser conscientes do alcance do problema e para buscar solucións que vaian á raíz do mesmo. Non se trata de axudar ás mulleres para que poidan traballar e levar o fogar senón de repartir tarefas e responsabilidade para que tanto homes como mulleres, gocen e exerzan os mesmos dereitos e as mesmas responsabilidades.

O traballar por e para a conciliación require dunha reflexión sobre o mercado laboral, o modelo educativo, de cidade, de urbanismo, de servizos... e incorporar a perspectiva de xénero de forma transversal nas políticas que se desenvolvan.

O ámbito local, pola súa proximidade á vida da cidadanía, é un marco idóneo para a promoción e xestión de recursos e servizos para a conciliación.

Ademais, debemos ter en conta e non perder de vista, o labor que os Concellos veñen realizando respecto da consecución de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Esta experiencia en materia de igualdade, facilita a interacción coa cidadanía, a identificación das necesidades do propio concello respecto a conciliación e, sobre todo, a promoción da participación cidadá.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

**Acordo:**



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

- a) O Concello de Ribadavia insta á Xunta de Galicia, en coordinación e coa colaboración da Fegamp, a promover un Pacto pola conciliación e a corresponsabilidade no ámbito da vida laboral, familiar e persoal nos concellos galegos.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.P.); reserváanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparenres.- Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

-D César Manuel Fernández Gil( PP).- Hai que contextualizar a moción, o día 8 de marzo foi o día da muller traballadora. A discriminación da muller supón unha perda de talento que lastra a competitividade empresarial. Por estereotipo debe asumir o traballo doméstico , non se asume que o seu papel é igual que o do home. A corresponsabilidade no ámbito familiar é unha cuestión fundamental, fundamental a igualdade home muller no ámbito familiar. A Secretaría Xeral para a Igualdade da Xunta de Galicia ten desenvolto moitos programas neste eido. Todas as medidas que se leven a cabo neste eido son positivas.

D Manuel Vázquez López ( CXG, CCTT).- O espírito da moción é bó, pero unha cousa é predicar e outra dar trigo. Para que sexa efectivo que haxa traballos dignos para homes e mulleres.

D Brais Fidalgo ( RBC).- É un brindis ao sol. A conciliación é moito máis transversal do que se describe. Fai falla lexislación e aplicar recursos. Sen recursos non se transforma nada. En Galicia a muller fai todo, coida aos nenos, aos vellos e vellas. Que a Xunta aumente os comedores escolares, que dote de máis recursos á Lei de Dependencia. No ano 2009 Feijóo decía que os nenos ata tres anos ían ter gardería gratis. No pleno anterior houbo unha moción sobre a gardería de Ribadavia.

Alcalde.- A competencia do servizo é de Feijóo.

D Braís Fidalgo ( RBC).- O máis grave é o da lexislación laboral , moitos empresarios despíden a mulleres por estar en idade de ter fillos. A moción fala de conceptos e de valores cos que estou de acordo. Pero o PP coquetea con lobbies ultraconservadores financiando colexios ultras. O mellor modelo é o nórdico, coidar aos nenos e maiores considerase un servizo público. Nos imos a abster porque a moción é un brindis ao sol.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Hoxe sae na prensa o novo Plan de igualdade da Xunta de Galicia, se non soupera que a moción se presentou antes, pensaría que ten pouca fe na súa dotación orzamentaria. Boto de menos instar ao concello a adoptar medidas nesta liña. A problemática ven de manter os roles da familia tradicional, hai un problema educativo. A xunta e o concello aforran unha cantidade inxente porque as mulleres se ocupan dos dependentes. A moción non ten concreción práctica, voume abster.

D Javier Iglesias Sendín ( PSOE ).- Eu concordo totalmente coas intervencións. A exposición de motivos está ben argumentada. Doulle a benvinda ao PP, cando foi a Lei de Zapatero non votaron a favor. O noso voto vai a ser abstención. O pilar fundamental para poñer en marcha estas cuestións non é o concello son administracións superiores.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Agradecemos que ningún se opoña, lamentamos que só CxG vote a favor. Nos non entendemos que a familia tradicional sexa negativa, na Política de Aristóteles a familia era o primeiro elemento. O concepto de familia foi modificándose non é o concepto clásico. Non entendemos que a familia sexa a cuna do heteropatriarcado, e sí o eixe fundamental da comunidade política. A educación xoga un papel fundamental en este tema. A corresponsabilidade é que os roles da muller sexan compartidos polo home. Pedimos un acordo consonte ás competencias da entidade local.

D Xacobe García Soto (BNG).- Quero resaltar o papel fundamental do concello na educación neste tema.

Alcalde.- A filosofía está moi ben, pero a realidade é outra. Hai cousas que me deixan perplexo. As leis hai que aprobalas, logo o PP critica o desenrolo orzamentario cando votou en contra da lei. Hai un autobús dunha organización que recibe subvencións de fondos públicos e lanza certos mensaxes; algún alcalde e algún presidente de Deputación fai o que fai, e logo nos reprochan que non aprobemos esta moción. As forzas sindicais piden un convenio colectivo, debería incluír moitas medidas de este tipo, recordo que o sesenta por cen do persoal do concello son mulleres.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis ( P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes), abstencións sete ( P.S.O.E , B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común ) Por conseguinte por maioría simple fica aprobada a referida proposta.

## **7.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. DE RIBADAVIA PARA IMPULSAR UN ACORDO URXENTE ENTRE OS GRUPOS PARLAMENTARIOS NO CONGRESO DOS DEPUTADOS PARA A TRAMITACION E APROBACION DOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO DE 2017.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 23 de marzo de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: **Exposición de Motivos:**

Ninguén pode negar na actualidade que, grazas á Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración Local de 2013 e ao resto de normas e medidas aprobadas en favor das Corporacións Locais polo Goberno do Partido Popular, o conxunto das Entidades Locais está en superávit e a inmensa maioría de Concellos de España cumprindo coas súas obrigas de pago. Desta forma desmontouse o inxusto estigma do despilfarro co que se etiquetara aos Gobernos Locais.

Este conxunto de medidas serviu para impulsar un modelo de administración que estimula a boa xestión no servizo ao cidadán, tal e como se demostrou coas cifras





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

obtidas polas EELL: 0,44% de superávit en 2015 (en 2011 tiñan déficit, do 0'40% do PIB) e a *súa débeda só representa o 3,28% do PIB*. Superávit que alcanza os 4.765 millóns de euros e que todo indica que se volverá a repetir en 2016.

Hay que poñer en valor, e así cremos que está a facer o goberno de Mariano Rajoy, que máis do 90% dos Concellos teñen superávit e axudan ao resto de administracións a cumprir cos seus obxectivos de déficit. As Entidades Locais son as Administracións máis eficientes e máis eficaces na xestión pública e, consecuentemente, hai que corresponderlles con decisións e medidas que faciliten a súa labor, como a revisión e a flexibilización da regra e o teito de gasto.

Precisamente porque a actuación dos Concellos e demais Entes Locais contribuiu, sen dúbida, a mellorar o clima e a estabilidade en momentos de grandes dificultades económicas no noso País, é xusto facer valer a necesidade de contar con mecanismos actualizados de xestión que permitan reinvertir ese superávit con maior flexibilidade, suavizando a aplicación da regra de gasto, mellorando a ratio da taxa de reposición e, en consecuencia, a publicación da oferta de emprego público; e todo isto para poder seguir prestando e mantendo os servizos públicos locais, aumentando a súa calidade e, en definitiva, favorecendo a creación de emprego.

Ademais, o municipalismo español apostou sempre pola modificación simultánea e vinculada da financiación autonómica e a local e dos seus respectivos tributos, que evite solapamentos, defina os límites competenciais e garantice os recursos necesarios para a prestación adecuada dos servizos públicos.

O novo sistema de financiación local, que estuda a Comisión de Expertos creada a tal efecto, deberá aportar mais recursos ás Facendas Locais para que os Gobernos Locais poidan desenvolver de forma axeitada as competencias que teñen legalmente atribuídas conforme ao previsto na Lei. E deberá recoller reivindicacións históricas das Entidades Locais, relativas á participación das EELL nos ingresos do Estado e o desenvolvemento dun modelo de participación das EELL nos tributos das CCAA, así como o establecemento dos mecanismos de coordinación entre a financiación incondicionada autonómica e local.

Nembargantes, toda esta planificación pódese vir abaixo se non están aprobadas e vixentes as grandes liñas mestras da economía española a través dos Orzamentos Xerais do Estado e todo o conseguido ata agora podería sufrir un retroceso imperdoable, do que serían os cidadáns os principais perxudicados e, dentro deles, os mais desfavorecidos, que son os mais directamente beneficiados polas políticas locais.

Non hai que olvidar que sufrimos xa unha parálisis institucional de mais de nove meses dende que se celebraron as Eleccións Xerais en decembro de 2015 e que a repetición destas Eleccións en xuño de 2016 supuxo unha composición do Parlamento español que obriga as forzas políticas con representación parlamentaria a entenderse, negociar e pactar.





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Especialmente urxente é a negociación que afecta, como xa se dixo, aos Orzamentos Xerais do Estado porque dela derívase o mantemento da folla de ruta dos servizos públicos locais ou o seu retroceso. Pero non só iso, sen orzamentos non se pode investir o superávit municipal o que, sen dúbida, irá en detrimento da creación de emprego. Asemade, a falla de aprobación da Lei de Orzamentos está dificultando a xestión do Fondo de Financiamento, creado polo Goberno para atender necesidades financeiras dos Gobernos Locais.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte Acordo:

- b) Instar aos grupos políticos con representación parlamentaria nas cortes xerais a sentar as bases e acadar os acordos necesarios que permitan chegar á aprobación definitiva da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2017. Impulsar un amplo acordo para lograr a reforma do financiamento local que cumpra coas expectativas dos gobernos locais reclamadas durante longo tempo.
- c) Dar traslado deste acordo á Vicepresidencia do goberno de España, ao Ministerio de facenda e Función Pública, aos portavoces dos grupos parlamentarios do Congreso e o Senado e á Xunta de goberno da FEMP."

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.P.); reserváanse para o Pleno os membros do P.S.O.E, B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

D César Manuel Fernández Gil (PP).- O orzamento é a ferramenta fundamental para levar a cabo as políticas en calquera administración. Unha parte importante do financiamento das comunidades autónomas e das entidades locais depende das asignacións do Estado. A situación actual do Parlamento e sen maiorías se requiren acordos. O orzamento xa chega tarde, van seis meses do ano e a tramitación dura un mes. Hai que adquirir un compromiso para traballar a prol de un orzamento apoiado por varias forzas. Hai cuestións importantes para os concellos como a posibilidade de investir o superávit, cuestións de emprego público, reforma do financiamento local, etc....

D Manuel Vázquez López ( CxG, CC-TT).- O noso grupo non ten representación nas Cortes do Estado, imos a optar pola abstención. O presidente do goberno lle compromete a Cataluña 4.200 millóns de euros e Galicia ten un tren de alta velocidade de terceira, e nin se sabe cando se acabará. Desaparecerán os autónomos se non hai medidas fiscais para eles, hai deslocalización de empresas en Galicia

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Non suscribimos nin o primeiro parágrafo da exposición de motivos. Decir que a lei de racionalización e sustentabilidade da administración local é unha maravilla e non vivir no mesmo país. Non concordo que as administracións locais sexan máis eficientes; En Marea xa pediu nunha moción de



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

outubro de 2016 a derogación desa lei que é consecuencia directa da reforma da Constitución e leva a redución de servizos públicos nos concellos. Os pagos de facturas e os números absolutos son certos, pero os pagos son a grandes empresas en Ribadavia a Unión Fenosa. Esta negociación vaise a producir en outras esferas, mesmo nas primarias do PSOE, non neste concello. Todo o que se dí na moción é mentira.

Xacobe García Soto ( BNG).- A moción pide resolver un problema que é do PP, cando o PP dí que gañou as eleccións. Debía o PP estar máis preocupado da dotación orzamentaria que lle corresponde a Galicia. Hai pasividade do presidente da Xunta para reclamar a dotación para Galicia. O BNG non ten representación no parlamento estatal. Se a lei de racionalización e sustentabilidade local foi a panacea, porque se pide unha modificación para investir o superávit.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Cidadáns xa manifestou que vai votar a favor do orzamento. Aínda que tivesemos unha palabra neste tema, non estamos a favor dos que dirixen o PSOE en Madrid, sería contraproducente. Estaríamos de acordo si se plasmasen compromisos concretos para Ribadavia. O PSOE se abstivo na elección de presidente cun gran desgaste a nivel nacional e tería que aprender.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- É curioso que unha moción para resolver asuntos municipais deriva en conflitos internos de partidos. Os temas do Rexistro Civil e Rexistro da Propiedade se aproban nas Cortes, neste tema tamén se pode instar aos grupos do parlamento. O voceiro do PSOE podía plantexar cuestións útiles para Ribadavia e logo apoiar os orzamentos. Lamentamos que non se aprobe.

Alcalde.- Eu asegurolle unha cousa antepoñemos os intereses de Ribadavia aos do partido. Se no orzamento do Estado houbera diñeiro para o campo de fútbol, o castelo, o museo, o 1% cultural para Santo Domingo, se vostede o asegura, apoiamos a moción. Resulta curioso que traian esta moción, é das cociñadas en outro sitio, mañá se presenta na Deputación a mesma. Vostede garanta que no ano 2018 se van a aprobar os orzamentos municipais, leva dous anos votando en contra sen ni sequera negociar. Nos orzamentos autonómicos me consta que un deputado do PSOE e outros grupos fixeron achegas respecto á zona do Ribeiro e o PP non aprobou ningunha. Sería máis efectivo que se notase que hai dous parlamentarios do Ribeiro.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- É certo que non aprobamos os orzamentos os dous últimos anos pero sí negociamos, é radicalmente falso que non negociáramos.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol , cinco (P.P), en contra, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); abstencións unha (Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes).- Por conseguinte non resulta aprobada a referida proposta.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIBEIRO EN COMUN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA MANTEÑA O REXISTRO CIVIL E SE INSTE A XUNTA E AO ESTADO PARA QUE NO PROXECTO DE LEI DE REFORMA SE MANTEÑAN OS REXISTROS CIVIS.**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 23 de marzo de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta dunha moción presentada polo voceiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

**"MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA MANTEÑA O REXISTRO CIVIL E SE INSTE Á XUNTA E AO ESTADO PARA QUE NO PROXECTO DE LEI DE REFORMA SE MANTEÑAN OS REXISTROS CIVÍS.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1. Contexto normativo.

A Lei 20/2011 levou na práctica ao inicio da privatización e a perda de calidade dun servizo público esencial para a cidadanía como é o Rexistro civil, que foi continuada mediante a Lei 15/2015 de xurisdición voluntaria. As reformas non entraron en vigor por sucesivos adiamentos parciais ata o 30 de xuño de 2017, tanto por motivos electoralistas como pola contestación social do seu contido.

As reformas consistiron, no que agora nos ocupa, en tres liñas:

- a. Os expedientes para a obtención de nacionalidade, que corresponderá instruír á Dirección xeral dos rexistros e notariado;
- b. A competencia para constar mediante acta ou expediente para a celebración do matrimonio, así como o acto da súa celebración queda encomendada, entre outros, aos notarios.
- c. A perda de competencias dos xulgados de paz así como o traslado de parte de competencias dos Rexistros civís aos hospitais.

Coa entrada en vigor da Lei 20/2011 está fixada a previsión da desaparición da estrutura territorial actual dos Rexistros Civís, e só se garante a creación dunha única "Oficina Central do Rexistro Civil", permitindo nas Comunidades Autónomas a existencia das súas propias oficinas por cada 500.000 habitantes.

2. Perda de competencias de órganos públicos especializados e próximos. Encarecemento de trámites.

As consecuencias prácticas desta atribución son o desapoderamento dos Rexistros civís, dependentes tanto dos Xulgados de Primeira instancia coma nos Xulgados de paz, das súas funcións ata agora encomendadas a favor doutro corpo de profesionais regulado por arancel que non reúne as condicións do funcionariado público na tramitación do expediente.

A razón pola que se desposúe ao Rexistro Civil da instrución dos expedientes de nacionalidade, non é outra que evitar que o cidadán presente a solicitude e correspondente documentación gratuitamente no Rexistro Civil do seu domicilio, e con esta nova fórmula terá que presentala a través daqueles xestores administrativos cuxo



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Colexio teña asinado convenio co Ministerio de Xustiza, previo pago da cantidade correspondente. A modo de exemplo, cando antes os expedientes de nacionalidade por residencia eran totalmente gratuítos, coa nova Lei de Rexistro cada cidadán terá que pagar unha media de 400 euros.

3. Perda de dereitos por retraso na tramitación.

Doutra banda, e como cuestión principal, particularmente no relativo aos expedientes de nacionalidade, o retraso na súa tramitación que se produce como consecuencia da súa incapacidade para sacar adiante o expediente nun prazo razoable determina a privación de dereitos de persoas que posúen por lei os requisitos para o seu acceso. Os retrasos acumulan frecuentemente retrasos de dous anos, e con frecuencia o rexistro civil debe complementar as deficiencias da xestión feitas por notarías e rexistros. A consecuencia desta situación persoas en condicións de acadar a nacionalidade acaban por abandonar o noso país por falta da obtención desta condición indispensable para facer a súa vida con normalidade.

A día de hoxe a Dirección Xeral dos Registros e do Notariado ten sen dixitalizar, rexistrar e tramitar todas as solicitudes de nacionalidade realizadas no Estado Español desde finais do ano 2014.

O Estado Español é nestes momentos o único da Unión Europea onde se prevé que a nacionalidade sexa levada por rexistradores. As propias institucións comunitarias recomendaron retirar as atribucións ao Rexistro da propiedade para funcionarizalo.

Unha parte desta normativa xa entrou en vigor e os efectos da vixencia total poden ser aínda peores.

4. Ineficiencia da reforma nos centros hospitalarios.

O SERGAS está obrigando arestora ao corpo de traballadores/as sociais a levar a inscrición rexistral de nacementos e defuncións ocorridos nos seus centros, o que non constitúe a súa función nin para o que non están formadas, ocasionando ademais a perda de tempo de traballo para as súas funcións profesionais regradas. Existe unha atribución de funcións sen título habilitante. Esta circunstancia acentúase no caso da filiación non matrimonial. As dificultades técnicas que en ocasións presenta o rexistro determina que en ocasións se derive aos usuarios aos rexistros civís, que son quen de feito acaban facendo o trámite.

Isto está a orixinar conflitos no hospital de Ourense, tamén nos de Vigo, Lugo ou Burela, por citar algúns casos.

5. Perda dun servizo de proximidade: os Xulgados de paz.

Outra das consecuencias destas reformas é o baleirado de contido das atribucións dos Xulgados de Paz (que leva o Rexistro civil), e que cumpren en todas as vilas pequenas e medianas do noso País (existen en todos aqueles Concellos que non teñen xulgados de primeira instancia) funcións de conciliación e mediación, ademais dun evidente servizo de proximidade a unha cidadanía que demanda atención especializada e sen dificultades técnicas, dado un elevado perfil de poboación avellentada.

A erradicación deste servizo daría lugar, no caso de expedición de partidas de nacemento anteriores a 1950 ao desprazamento seguramente á capital de provincia; o mesmo sucedería coas fes de vida e estado, que non se poden dispensar telematicamente; ou as deficientes coberturas de internet en parte do noso territorio. Ao final trasladaríamos aos Concellos prestar este servizo teleasistido sen competencias.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

En definitiva, trátase de asegurar un servizo público e gratuíto residenciado no Rexistro civil e na garantía dunha xustiza de proximidade prestada mediante os Xulgados de Paz e Xulgados de primeira instancia e instrución situados nas cabeceiras de comarcas, como é o caso do de Ribadavia.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte ACORDO:

O Concello de Ribadavia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao goberno do Estado coa finalidade de que no Proxecto de Lei de reforma do rexistro civil:

1. Derroque as Leis 20/2011 e 15/2015 nos apartados relativos á perda de competencias dos Rexistros civís, como o de Ribadavia, en favor do corpo de Rexistro da propiedade e Notariado;
2. Reintegre ao sistema público a tramitación do expediente de nacionalidade e de matrimonio mediante a súa atribución exclusiva ao Rexistro civil;
3. Asegure o mantemento das funcións de Rexistro Civil de todos os Xulgados situados en cabeceiras de Comarca, como é o de Ribadavia, así como tamén dos Xulgados de Paz coma un servizo público de proximidade á cidadanía en todos os demais Concellos sen Xulgado de Primeira Instancia.
4. Trasladar este acordo aos demais Concellos da comarca do Ribeiro con Xulgado de Paz- Rexistro Civil.
5. Trasladar este acordo á Xunta de Galicia e ao Parlamento Galego, así como á Subdelegación do goberno do Estado, ao estar recollido que lle corresponderá ao Ministerio de Xustiza e ás Comunidades Autónomas con competencias transferidas en materia de Administración de xustiza, o deseño, creación e organización das oficinas xerais do Rexistro Civil".

De seguido sométese a votación a urxencia da moción obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Emenda á moción de Ribeiro en Común presentada polo grupo municipal do PP:

Debe substituírse o texto da resolución polo seguinte:

“ Instar ao goberno central a que as reformas legais que se adopten garantan un Rexistro Civil eficaz e próximo aos cidadáns, ao aproveitamento das vantaxes das novas tecnoloxías, e a que as xestións do Rexistro Civil sigan tendo un carácter gratuíto e poidanse seguir levando a cabo no municipio de Ribadavia”

De seguido sometese a votación ordinaria moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro( Agrupación de Electores Ribeiro en Común, P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes);reservanse para o Pleno os membros do P.P. e B.N.G.. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Está intimamente ligado ao do Rexistro da Propiedade, para nós é un novo recorte nun servizo público nunha cabeceira de comarca. As partidas de nacemento se están inscribindo nos hospitais en Ourense, se produce un colapso. Esta lei non obriga ,non garante o rexistro civil en Ribadavia, se non obriga é a chave do PP para recortar o servizo, esta lei non obriga a que haxa rexistro civil en cada comarca. Na lei dos xulgados o ministro recuou pola presión da cidadanía. Foi unha victoria da cidadanía,dos traballadores. Hai unha emenda do PP que non se pode aceptar dado que é de substitución e anula o outro. A moción de RBC fala dos concellos do entorno de Ribadavia, hai que axudar aos concellos pequenos. Os concellos ten que trasladar ao Estado e a Xunta que hai que manter o rexistro civil.

D Manuel Vázquez López ( CxG,CC-TT).- O noso grupo vai votar a favor, pouco se pode engadir a anterior exposición.

D Xacobe García Soto (BNG).- Hai certas diferencias entre o Rexistro da Propiedade e o Rexistro civil, aquel xa está privatizado , éste se está tentando. É unha tendencia do PP moi estudiada, privatizar ensino, sanidade, etcétera....

D César Manuel Fernández Gil ( PP).- Quero presentar unha emenda de substitución. Focalizamos en manter o rexistro civil en Ribadavia, que o servizo se preste con carácter gratuito. Hai temas en que non estamos de acordo e por iso presentamos a Moción. É un marco legislativo de amplo consenso , debe ser desenrolado e posto en práctica. Todos estamos de acordo en manter o rexistro civil en Ribadavia.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Estamos de acordo con RBC e BNG, votaremos a prol.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A emenda é a totalidade, se fose unha engadeda ou de substitución do punto primeiro, RBC a acepta, senón non se acepta, porque afecta á cidadanía de Ribadavia e do resto do Ribeiro.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- O fin é claro, hai puntos en que non estamos de acordo. O PSOE vota a favor dunha moción que pide a derogación dunha lei aprobada polo ministro socialista Francisco Caamaño.

Alcalde.- Non non estabamos a favor de iso antes, se o fixo un ministro socialista e está mal , está mal

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., , B.N.G. , Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, Agrupación de Electores Ribeiro en Común); votos en contra ( P.P. cinco).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.

## **9.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

### **MOCIÓN DE URXENCIA.**





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**O GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN a través do seu portavoz presenta para a súa aprobación a seguinte**

**MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO OFERTE PUBLICAMENTE OS POSTOS LIBRES DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE RIBADAVIA E SE APLIQUE A NORMATIVA EXISTENTE EN MATERIA DE ORGANIZACIÓN INTERNA E OFERTA PÚBLICA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A praza de abastos de Ribadavia, de titularidade integramente municipal, está nunha situación comparablemente mellor a tan só fai uns poucos anos. Esta situación mellorou ente outros factores, grazas á preocupación do tecido asociativo de comerciantes de Ribadavia que mantivo viva a reivindicación da mellora de dito mercado, así como grazas ao propio Concello, quen recibindo subvencións da Xunta de Galicia, destinou estes recursos xunto a orzamento propio á obras de mellora da praza de abastos de Ribadavia.

Pero esta mellora na infraestrutura nunca foi acompañada da mellora no control, organización e coordinación do funcionamento do propio mercado, que máis ben continuou a permanecer desatendido pola administración titular do mesmo. Algo similar aconteceu coa Non aplicación da normativa existente sobre a propia praza de abastos: ORDENANZA DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE RIBADAVIA, publicada no Boletín Oficial de 25 de xaneiro de 1993, e a ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DENOMINADA MERCADOS DO CONCELLO DE RIBADAVIA de febreiro de 2015.

Coa mellora da imaxe e da infraestrutura do mercado deuse un aumento da demanda e a ocupación da mesma.

En xaneiro de 2017 comezase analogamente o proceso de adxudicación do espazo municipal da cafetería da Alameda, e a elaboración de bases de adxudicación, bases que son abertas ás propostas dos diferentes grupos, aínda que só recollidas en parte polo grupo de goberno.

O noso grupo rexistra **o día 5 de xaneiro** que ***“se convoque unha comisión de comercio local e da praza de abastos, co obxectivo de elaborar e aprobar por consenso***





Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

*a normativa que regule a adxudicación baseada na transparencia de todos estes espazos municipais: os postos libres da praza de abastos, e o café-bar alameda”.*

O día 9 de xaneiro ten lugar xunta de portavoces municipais, na cal se nos presentan as bases da adxudicación por libre concorrència da cafetería da Alameda.

O grupo Ribeiro en Común **solicita o día 10 de xaneiro de 2017**, no mesmo escrito que rexistraba emendas ás bases da cafetería da Alameda presentadas o día anterior, que co inicio do ano 2017 se leve a cabo un proceso análogo á adxudicación pública para as **solicitudes futuras** de postos na praza de abastos de Ribadavia. Esta demanda, coincidindo co oferta pública da cafetería da alameda, é respaldada pola normativa existente no Concello de Ribadavia que recolle que toda adxudicación de postos debe facerse por libre concorrència. O mesmo afirma o propio informe da secretaria municipal.

Na demanda de Ribeiro en Común expresábase literalmente que esta aplicación debería ser para as novas demandas a partir do 1 de xaneiro de 2017, e nunca con carácter retroactivo para non causar inseguridade xurídica nin prexuízos aos comerciantes instalados con anterioridade no mercado municipal.

A Xunta de Goberno do **20 de febreiro de 2017** decide resolver directamente e sen libre concorrència nin publicidade, 6 postos na praza de abastos, a pesar da solicitude realizada polo grupo Ribeiro en Común os días 5 e 10 de xaneiro de que se procederá a aplicar a normativa municipal para a oferta pública de postos na praza de abastos.

Esta adxudicación directa por parte da Xunta de Goberno faise obviando e ignorando as demandas reiteradas do grupo municipal Ribeiro en Común, rexistradas en 2 ocasións: 5 de xaneiro e 10 de xaneiro, e de igual maneira trasladada na xuntanza de portavoces do 9 de xaneiro, e o que é máis grave, realizase a pesar dun informe en contra da Secretaria Municipal do día 20 de febreiro, o cal recolle que o procedemento de adxudicación deba ser o da libre concorrència, tal e como viña solicitando o grupo Ribeiro en Común.

#### Situación de prevaricación.

Nesta situación de flagrante incumprimento de reiteradas propostas dun grupo municipal, e mesmo dun informe da Secretaria Municipal, o grupo Ribeiro en Común



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

decide recorrer a adxudicación administrativa ilegal, que podería supor un delito de prevaricación na administración local.

O día 13 de marzo de 2017 presentase dito recurso (o prazo remataba o día 20), sen que nunca se obtivera resposta por parte do organismo ao que se lle fai o recurso, isto é a Xunta de Goberno e a Alcaldía.

O día 20 de marzo de 2017 presentase un novo escrito aos mesmo organismos aos que se lle fai o recurso, no cal o grupo Ribeiro en Común solicita de novo que se inicie un procedemento aberto por libre concorrència, e no cal se afirma que no momento que este procedemento se inicie e publique, o recurso presentado sería retirado xa que o obxecto do mesmo desaparecería no momento de iniciarse o procedemento aberto e de libre concorrència.

A día de hoxe, 28 de marzo de 2017, o noso grupo continúa sen ter notificación nin resposta algunha por parte da Xunta de Goberno nin da Alcaldía respecto da demanda inicial de que se leve a cabo desde o Concello un procedemento aberto e público para a oferta en libre concorrència e a concesión por concurso para os postos da praza de abastos municipal de Ribadavia con data desde o 1 de xaneiro de 2017 en diante.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte ACORDO:

- **Que o Concello de Ribadavia aplique a normativa existente e inicie un procedemento de adxudicación aberto e público, é dicir, o da adxudicación por libre concorrència, para todos os postos libres da Praza de Abastos municipal de Ribadavia. Co fin de darlle a oportunidade en condicións de igualdade e libre concorrència a todas as persoas, veciñas ou non, sempre que se beneficien os censados, que desexen instalarse no mercado municipal.**



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

- **Que o procedemento aberto se inicie o antes posible, co fin de evitar máis prexuízos á cidadanía interesada na ocupación e uso deste espazo municipal.**
- **Que dito procedemento sexa levado a cabo para todos os postos que se soliciten desde o ano 2017 en diante, sen carácter retroactivo dos postos adxudicados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2017, para non crear máis inseguridade xurídica.**
- **Que se faga promoción de maneira aberta e pública da oferta de postos no mercado municipal. Que se cree un rexistro público de demandantes.**
- **Que se convoque e reformule a chamada Mesa do Comercio con funcións de coordinación e organización no propio Mercado Municipal. Que se incorpore un representante de todos os grupos municipais, e se convoque trimestralmente. Que esta Mesa do Comercio teña funcións de coordinación e organización do propio mercado, e que supervise e controle o seu funcionamento: actualización da normativa do mercado de abastos á realidade vixente, funcionamento axeitado no seu interior, limpeza dos espazos comúns por parte do Concello e vixilancia do mercado, publicidade e difusión do mercado e dos seus comercios.**

Sometida a votación a urxencia fica aprobada por unanimidade.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- A urxencia ten que ver coa cronoloxía dos feitos ; o día 5 de xaneiro este grupo pide a convocatoria dunha comisión de comercio local e praza de abastos para aprobar a normativa da adxudicación do bar alameda. Poucos días despois nunha xunta de portavoces se presentan ditas bases e eu fago unhas consideracións: se hai convocatoria pública da alameda o mesmo para a praza de abastos. En anos pasados a realidade da praza de abastos era manifestamente mellorable, os gobernos pasados investiron con axudas da xunta, é a situación actual é distinta, hai máis demanda de postos. O día 10 de xaneiro RBC pide que de ahí en diante que os postos da praza saían por convocatoria pública para non perxudicar aos xa instalados. O día 20 de xaneiro se adxudican seis postos pese á solicitude de RBC.As solicitudes de RBC, avaladas pola



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

normativa municipal, foron feitas con lealdade ao goberno e carácter constructivo. O anterior consenso dos grupos municipais desapareceu, isto ven avalado por un informe da secretaría municipal.. O goberno adxudica directamente e sen publicidade, podería ser unha prevaricación.

RBC presenta un recurso e dice que si se fai convocatoria pública retiraría o recurso. Non é un recurso contra un veciño; o emprendedor foi mal informado polo alcalde, lle ocultou información . Como hai máis demanda os postos deberían sacarse por concurso público, RBC o solicitou por escrito e nunha xunta de portavoces.En medios públicos o alcalde sae cun relato sesgado , que se lle casou un dano a un solicitante que renunciou polo debate político. Pido o apoio a esta moción.

D Manuel Vázquez López ( CxG, CC-TT).- O noso grupo vaise abster, nunha reunión na xunta de portavoces o alcalde comentou que había unha persoa interesada en postos na Praza e que o último concurso quedara deserto. Había un acordo de todos os grupos de outorgar os postos en función dos solicitantes. Había un compromiso de boa fe de todos os portavoces de actuar así. Había un empresario que ía crear varios postos de traballo, según se fixo con outros ocupantes se lle cedían un posto a ese señor.

D Xacobe García Soto (BNG).- As xuntas de portavoces non teñen actas o que eu lembro e que se trasladou unha problemática , o ordenanza non permitía adicar máis de tres postos á mesma actividade, non é o mesmo outorgar seis postos a unha persoa que interpretar de forma laxa a normativa nunha situación problemática. Agora hai máis demanda,se pode modificar por consenso a ordenanza da praza de abastos. É certo que RBC pediu a mesa de comercio en varias ocasións. Aínda que a competencia sexa do concello , a mesa de comercio permite estar en contacto cos afectados.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Neste tema o importante son os puntos de acordo e imos votar a favor, estamos de acordo en que na mesa de comercio haxa un representante de cada grupo e se evitan malos entendidos. Hai que reformular as ordenanzas que están obsoletas , esta é do ano 1993.

Alcalde.- Estou de acordo nos puntos de acordo,os suscribimos todos. Estes postos xa se pedían no ano 2016, o erro de esa persoa foi non pedir os postos por escrito no ano 2016 pensando que había un acordo de todos os grupos. ¿ Por qué se solicita isto para estes postos e non para os que se adxudicaron no ano 2015 e 2016? Este establecemento se ía a poñer fóra de Ribadavia e como alcalde que a veces hai que facer un traballo como de comercial se lles ofertou.A Praza se reformou e se modificou a ordenanza. A modificación foi aprobada por unanimidade, antes somentes se podía vender carne, pescado e floristería. Había un acordo de todos os grupos para actuar como en este. Non entendo a motivación , se había unha actuación administrativa errónea, o goberno o ía a solucionar aceptando o recurso. Eran dúas solicitudes ,non unha, de tres e de tres postos que estaban vacantes. Os dous de arriba que podían ser máis apetecibles se quitarían a concurso. Que ninguén negue que o falado era iso. Sexamos serios. Se fai falta recoller acta de todo se recolle. Seguindo a normativa a praza estaría baleira, isa é a motivación Eran seis postos adxudicados para crear cinco postos de traballo. Cun concurso público quedaría baleiro, o concello non coñece que haxa demanda.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Eu non o sei, se hai demanda.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

Alcalde.- A cidadanía é moi sabia, sabe que se actuou de boa fe para encher a praza O mesmo procedemento valerá para o ano 2017 se valía para o ano 2016. Se houbera peticións se faría o que vostede dice. Este interesado xa tiña interese no ano 2016. Os postos que se adxudicaron no 2016 están sen instalar tamén habería que aplicar a norma a eses supostos. Xa veremos que pasa coa concorrència competitiva , a ver se hai demanda, o tempo o dirá. A boa fe coa que actuamos é manifesta. Non tivemos ningún interese con nadie, quedaban postos baleiros.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Creo necesario recordar que isto é unha administración pública , fala de que houbo un erro que cometeu a persoa solicitante, dedúcese que o erro tamén é de RBC. Non desminte a relación de feitos que fai RBC; achaca o erro ao solicitante e á RBC. RBC fixo as cousas ben e por escrito, alertando de que non se seguía o procedemento. Non se pode achacar o erro ao emprendedor, dende maio de 2015 xa non hai consenso neste tema. Mudou a realidade da praza de abastos, habería que facer o mesmo que na Alameda. Si hai unha persoa interesada ¿ cal é a diferenza entre dar directamente e tramitar o concurso? O resultado é o mesmo. A pregunta de por qué agora, porque a situación mudou . Había dúas solicitudes para a praza.

Alcalde.- ¿ Qué dúas solicitudes?

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- As que houbo , é a proba de que hai demanda. Cal é a motivación de que hai un grupo que pide adxudicar por concorrència aberta e o alcalde lle oculta esa información ao solicitante. Como non hai rexistro público en isto non se pode cotexar se hai demanda ou non. Os espazos públicos municipais se deben adxudicar por concorrència. RBC actuou avisando polas boas, o goberno bloquea a oferta pública dos postos da praza de abastos. O único responsable achaca o erro ao emprendedor e a este grupo.

D Manuel Vázquez López ( CxG,CC-TT) .- Houbo un acordo entre todos os portavoces.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Este concelleiro espera a convocatoria da xunta de portavoces a data de hoxe.

Alcalde.- O xusto sería que dixeses o que eu dixen que se poñería a xunta de portavoces o día que ao BNG lle fose ben, que se convocaría para ese día. Nunca dixen que fose culpa túa.

D Xacobe García Soto (BNG).- As circunstancias cambiaron , a situación da praza cambiou non pode manterse o consenso que era para aquelas circunstancias. Vou votar a favor.

Alcalde.- O que racha os consensos non é o alcalde, eu teño palabra, eu non lle acusei a vostede. Habería que grabar as xuntas de portavoces. Decir que eu lle boto a culpa ao emprendedor é o mundo ao revés. A ver si ao final o recurso o presentei eu. ¿ Se venderon favores a algún concelleiro? ¿ Se lle vendeu un favor a algún? Se deu o mesmo trato a todas as peticións , se aceptaron e se valoraron igual todas. O único favor era que funcionara a Praza de abastos. Houbo peticións en 2016 que se atenderon, ¿ en que cambiou o procedemento neste caso? A persoa renunciou , supoña unha inversión importante e a creación de cinco postos de traballo que podería ter continuidade no tempo.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Si se sacan os postos a concurso xa veremos que demanda hai, se os postos quedan vacantes espero que me pida desculpas. Nos imos abster non polos puntos de acordo ,senón pola exposición de motivos. Este grupo de goberno leva catorce anos traballando con honradez, sin unha sola mancha, con transparencia, tamén con cousas mal feitas , que é a consecuencia de tomar decisións e de facer cousas, o que non fai cousas non se equivoca.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.P., ., B.N.G. , Agrupación de Electores Ribeiro en Común); abstención seis ( P.SOE , CxG, CC-TT).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.

#### **ROGOS E PREGUNTAS.-**

Polo señor alcalde plantexase que, dada a extensión dos plenos ao ter que intervir cinco grupos que sería convinte voltar ao horario habitual ás sete da tarde.

**Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López formúlanse os seguintes rogos:**

**1º ROGO.-** Lembrolle ás concellerías competentes a necesidade de uniformar a luz na ponte de San Francisco.

**2ºROGO.** Hai árbores na rúa Progreso que levantan as baldosas, xa caíu unha señora.

O señor alcalde indica que xa se está traballando na cuestión e que se van a ter que retirar as árbores.

O concelleiro don Ricardo González Amaro indica aue un accidente estragou unha farola e que se está a espera dos repostos.

**Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez formúlanse os seguintes rogos e preguntas:**

**1º ROGO.-** Que se poñan na páxina web do concello os plenos grabados.

**2ºROGO.-** Nas casas sociais da rúa Muñoz Calero hai un problema de seguridade con depósitos, , pedimos que dende o concello se inicien os trámites para a súa retirada.

**3º ROGO.-** No límite entre Carballiño e Maside, onde hai un poblado chabolista, desapareceu a sinal indicativa de Ribadavia , pedimos que se repoña



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**1º PREGUNTA.-** Se por parte do departamento de Cultura se vai a facer un programa de actividades culturais para a Semana Santa.

**2ª PREGUNTA.-** Respecto da moción sobre o Centro de Saúde ¿ cal é a situación administrativa? ¿ se conta co proxecto do novo centro e se hai algún problema cos terreos?

**3ª PREGUNTA.-** Houbo conversas cos responsables de Educación ¿ cal é a situación sobre o cambio de titularidade do pavillón de Maquiáns?

**4ª PREGUNTA.-** En Lamosiños e Santo André había lama e árbores caídos ¿ se fixo a retirada?

**5ª PREGUNTA.-** Houbo unha nota de prensa de vinte e nove de marzo que decía que unha empresa ía lavar as rúas do casco histórico ¿ cal é o nome da empresa e cando se decidiu?

**6ª PREGUNTA.-** Querría coñecer o proxecto e contía do proxecto do parque de xardinillos e pregunto si se modificou o acordo da Xunta de portavoces respecto da rúa Figueiral e das actuacións culturais.

O señor Alcalde indica que contestara por escrito.

**Polo concelleiro do B.N.G., o Sr. Garcia Soto formúlase o seguinte rogo:**

**1º ROGO.-** No camiño que vai a Quinza hai un problema co alcantarillado, que se solucione.

**2º ROGO.-** Solicito a convocatoria da Fundación de Preixegueiro e que se produza a miña toma de posesión como voceiro.

**1ª Pregunta.-** Houbo unha reunión do GDR, ¿ qué participación vai a ter o concello de Ribadavia no Programa de desenvolvemento rural de Galicia deste ano?

Alcalde.- Hoxe se celebra a reunión da xunta directiva na que está Ribadavia, se van a presentar tres proxectos que haberá que levar a xunta de goberno do luns.

**2ª Pregunta.-** ¿ Cal é o estado dos proxectos urbanísticos que se plantexan para Prexegueiro?

Alcalde.- Para desenvolver o proxecto en Prexegueiro de bungalows e hotel ten que aprobarse o Plan Xeral e logo tramitarse un plan parcial, os proxectos de novas actuacións teñen que ser co Plan Xeral.

**3ª Pregunta.-** ¿ Cal é a situación do dominio ribadavia.gal e do que está a nome do anterior alcalde?

Alcalde.- Non coñezo a situación exacta, pero voume a informar.





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**Polo concelleiro do P.P., o Sr. Sotelo Barroso formúlanse os seguintes rogos e preguntas:**

**1º ROGO.-** Pido que se resolva o problema plantexado na baixada de A Quinza.

**2º ROGO.-** No tema da limpeza das rúas , hai que tomar medidas cos donos dos perros, hai que sancionar.

**3º ROGO.-** Os bloques para o muro da gardería xa están , xa se pode facer.

**4º ROGO.-** Hai xardineras en que a herba ten medio metro de alto na rúa Ribeiro.

**5º ROGO.-** Hai que retirar os árboles da rúa Ribeiro.

**6º ROGO.-** Na subida de San Andrés co temporal vino un terraplen abaixo.

**7ª ROGO.-** Na alameda hai plantas sen podar.

**8º ROGO.-** Hai que pegar papeis nos contenedores que non se tira a basura antes das oito da tarde.

**9º ROGO.-** Hai que limpiar as escalinatas de escalera de Santo Domingo.

**1º PREGUNTA.-** ¿ Se vai a facer concerto de corais en semana santa?

A concelleira de Cultura, Dona María López Touza indica que non se puxeron en contacto.

**2ª PREGUNTA.-** ¿ A oficina de Turismo vai a estar aberta os festivos de Semana Santa?

A concelleira de Cultura, Dona María López Touza indica que estará.

Concluído o anterior, ás doce menos cuarto da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*